

INFORME DE SOLVENCIA TÉCNICA E DE MEDIOS PERSOAIS ADSCRITOS AO CONTRATO

Servizos asociados ao programa “COLABORA E INNOVA NO TEU BARRIO” no marco da operación “FAINO TÍ” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da EDUSI REVIVE SANTIAGO, financiada nun 80% polo Programa Operativo de Crecemento Sostible FEDER 2014-2021: Lote 1: Deseño e desenvolvemento dun Fab Lab. Lote 2: Posta en marcha da Rede TIC 2, e a difusión do Fab Lab e a Rede TIC2. Lote 3: Deseño dun catálogo de boas prácticas en materia de usos das TIC e talento STEM relacionado con oficios tradicionais e industriais asentadas no Concello de Santiago de Compostela

Expediente: CON2023000010

Referencia interna: 2023/00009285K

Antecedentes

Dacordo co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación da prestación de servizos asociados ao programa “Colabora e innova no teu barrio” no marco da operación “**Faino Tí**” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da **Edusi Revive Santiago**, a mesa de Contratación celebrada o día 6 de xullo de 2023, como órgano competente para efectuar a valoración das ofertas, podendo solicitar ao efecto cantos informes técnicos considere necesario, solicita á técnica de Turismo informe sobre a solvencia técnica e compromiso de adscrición de medios persoais ao contrato, conforme ao establecido nos Pregos de condicións que rexe a licitación.

Empresa proposta como adxudicataria

A empresa proposta como adxudicataria para os tres lotes nos que se divide o contrato relacionase no seguinte cadro:

Empresa	Lotes
Design Thinkers and Makers SL	Lotes I, II, III

Análise e avaliación da documentación acreditativa da solvencia técnica e de medios persoais adscritos

Recíbese da empresa proposta como adxudicataria a documentación relativa á solvencia técnica e de medios adscritos á execución do contrato.

Da análise da documentación achegada e en aplicación do establecido nos Pregos que rexen esta contratación, **INFORMASE** o seguinte:

Solvencia técnica

A solvencia técnica **queda acreditada** cos títulos académicos achegados das persoas responsables da execución e dos técnicos encargados directamente dela, no que como

mínimo un membro do equipo posúe a titulación universitaria superior na área de Económicas ou equivalente para o Lote I, e para o Lote II como mínimo dous membros posúen titulación universitaria en telecomunicacións, matemáticas, informática ou equivalente, tal e como se establece no Pregos.

Formación do persoal que se adscribe á execución do contrato

Da documentación achegada pola empresa, figura unha relación única de titulacións propostas para os perfís esixidos nos Pregos para os Lotes I,II e III.

Tras revisar a relación de titulacións observase que hai titulacións iguais ou equivalentes aos perfís esixidos nos Pregos.

LOTE I

Ca oferta presentada, cómprese cos perfís do equipo mínimo esixido nos Pregos formado por 6 persoas (2 con titulación en Económicas ou equivalente e 4 con titulacións en Enxeñeira de Telecomunicacións, Enxeñería Técnica de telecomunicacións, Informática, Matemáticas ou titulación equivalente), admitíndose como válidas as seguintes titulacións iguais ou equivalentes ás esixidas no Prego:

- Para os 2 perfís de Económicas: Admítense como válidas as titulacións:

- Graduada en Economía da persoa
- Graduada en ADE

- Para os 4 perfís de Enxeñeira de Telecomunicacións, Enxeñería Técnica de telecomunicacións, Informática, Matemáticas ou titulación equivalente: Admítense as seguintes titulacións iguais ou equivalentes ás esixidas :

- Enxeñeiro técnico en Deseño Industrial
- Grado en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación con mención en sistemas de Teleco
- Enxeñeiro técnico en Deseño Industrial
- Graduado en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto

A maiores as 4 titulacións iguais ou equivalentes que completarían os perfís do persoal e que estarían por riba do mínimo esixido (6), resultan acreditadas as seguintes titulacións:

- Enxeñeiro Técnico en Informática
- Estudos superiores de Deseño (Nivel Grao) especialidade Deseño do Produto
- Técnico superior Administración de Sistemas Informáticos
- Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática

LOTE II

Coa proposta de titulacións relacionadas quedarían acreditados os 5 perfís do equipo mínimo esixido nos Pregos formado por 2 persoas de titulación de Enxeñeira de

Telecomunicacións, Enxeñería Técnica de telecomunicacións, Informática, Matemáticas ou titulación equivalente e 3 persoas con titulación de ciclo formativo superior en Informática e telecomunicacións.

- Para os 2 perfís de Enxeñeira de Telecomunicacións, Enxeñería Técnica de telecomunicacións, Informática, Matemáticas ou titulación equivalente: Admítense como válidas as titulacións seguintes:

- Enxeñeiro técnico en Deseño Industrial
- Grado en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación con mención en sistemas de Teleco

- Para os 3 perfís con titulación de ciclo formativo superior en Informática e telecomunicacións:

- Técnico especialista rama Electricidade e Electrónica especialidade Equipos de Informática
- Técnico superior Administración de Sistemas Informáticos
- Técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web

A maiores as 5 titulacións iguais ou equivalentes que completarían os perfís do persoal e que estarían por riba do mínimo esixido (5), resultan acreditadas as seguintes titulacións:

- Estudos superiores de Deseño (Nivel Grao) especialidade Deseño do Produto
- Enxeñeiro técnico en Deseño Industrial
- Graduado en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto
- Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración
- Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática

LOTE III

O PCAP establece para o Lote III que os licitadores non terán que acreditar a solvencia técnica nin profesional consonte o disposto no artigo 92 da LCSP e o artigo 11 do RXLCAP.

O PPT establece os perfís de 2 persoas tituladas en Pedagogía para este Lote III. Na proposta figuran as titulacións de Psicopedagogía, Técnico superior en Animación Sociocultural, Psicoloxía e a titulación de Mestre en Educación Primaria que **aceptanse como válidas** ao ser equivalentes á titulación de Pedagogía esixida no Prego.

Adicionalmente a empresa achega titulacións noutras especialidades.

Da comprobación das titulacións acreditativas procedería a **subsanción** dos documentos que impiden a correcta comprobación por presentarse incompletos ou non lexibles, das titulacións de Técnico superior en Animacións 3D, Xogos e Entornos Interactivos, Técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración e o Título de Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática..

Experiencia do persoal adscrito ao contrato

Consta no expediente declaración do responsable da empresa na que declara que todas as persoas membros do equipo que participarán na contratación contan cun mínimo de tres anos de experiencia nos traballos que van a realizar.

Conclusión

Tendo en conta o disposto no artigo 139.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e analizada a documentación presentada pola empresa Design Thinkers and Makers SL relacionada coa solvencia técnica e de adscrición de medios persoais á execución do contrato para a prestación de servizos asociados ao programa “Colabora e innova no teu barrio” no marco da operación “Faino Tí” no Concello de Santiago de Compostela, dentro da Edusi Revive Santiago, **infórmase FAVORABLEMENTE**, aínda que é necesaria a subsanación das deficiencias apreciadas na documentación achegada, segundo as consideracións ás que se fai mención nos apartados anteriores.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica